



A Coruña, 28 de outubro de 2.021.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA N°7 TEMP 2022-23

Equipos participantes: C.W. Pontevedra - C.W. Lugo.

Competición: Liga Galega Waterpolo División de Honra Masculina.

Data de celebración: 23/10/2022.

FEITOS

- O día 25 de outubro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

• "Asemade, no minuto 02:08 do terceiro período sóltase a corchera lateral do campo no lado oposto á secretaría, polo que os colexiados deben deter o encontro durante 5 minutos ata que a organización do encontro consegue solucionar o incidente.

• É preciso tamén deter o partido en numerosas ocasións para solicitar ao delegado de campo que desaloxe de público as zonas vetadas que xa foran desaloxadas da praia da piscina ao mesmo.

• No terceiro período, os colexiados deben deter o encontro despois dun gol para solicitar a presenza do delegado de campo na zona de secretaría por non atoparse na mesma. Os auxiliares o localizaron no corredor interior da instalación, estando desaparecido das súas funcións durante alomenos 4 minutos. Neste tempo volvera situarse novamente público nas zonas vetadas, polo que a actuación do delegado de campo resultaba necesaria.

• No mesmo período (3º), a parella arbitral debe deter novamente o xogo para indicarlle ao delegado de campo que retire cara atrás ao público que comezaba a invadir a zona de praia da piscina comprendida entre a liña de gol á dereita de secretaría e a marca de 5 metros (espazo de tránsito dos árbitros), ao que a masa de público reacciona berrando aos colexiados: «¿Quiénes os creéis para echarnos?! ¡Aquí no molestamos, no sé qué problema tenéis!». O delegado de campo non lles indica nunha primeira instancia que retrocedan, e cando llo di esta parte do público négase a irse; polo que ambos colexiados achéganse ao delegado de campo e expóñenlle que ou esas persoas volven á zona que teñen habilitada, abandonando o vaso da piscina, ou o partido deberase suspender. Ante isto, novamente ese sector do público bérralle aos colexiados «¡Llamad a la policía! ¡Que no nos vamos!». Finalmente, e tras varios intentos por parte da parella arbitral para con o delegado de campo, este acaba dispersando ó público desa zona. Tras este incidente, D. E. García Ordóñez, que se atopaba na instalación en calidade de técnico do C.W. Pontevedra (con licenza federativa en vigor, polo tanto) diríxese cara os colexiados nos seguintes termos: «Creo que os estáis pasando. No podéis tensar así la cuerda». O xogo retómase e o partido finaliza sen maiores incidencias.

- Ao remate do encontro e tras verificar a acta, o colexiado N. Alén procede a saír da piscina pola única saída habilitada para recoller as

súas pertenzas. Na contorna desta saída concéntrase un gran número de persoas do público e pertencentes á afección do C.W. Pontevedra. Ao achegarse o colexiado á porta, comezan a aplaudir, asubiar e berrar a ambos árbitros o seguinte: «¡Muy bien! ¡Vamos a aplaudirles! ¡Ni puta idea!». Neste intre, o delegado de campo D. J. A. Tellería estaba presente no interior da piscina xunto con E. García Ordóñez (a quen L. Dorado indicoulle o seguinte: «Kike, esto no se puede permitir, es una falta de respeto»), limitándose ambos a observar a escena e permitir aos espectadores pechar o espazo en torno ao colexiado. É nese momento no que dúas persoas do público encáranse fisicamente aos colexiados. Un deles dálle ata tres palmadas no ombreiro ao árbitro N. Alén, mentres que ambos dinlles as seguintes verbas: «Vosotros seguid así, eh, que no hay derecho, no tenéis ni idea». Os colexiados solicítanlle ao delegado de campo do encontro que identifique a estas dúas persoas, ao que este négase pasivamente permanecendo de brazos cruzados e sorrindo en dirección aos árbitros. Mentres tanto, os dous individuos seguen a increpalos («¡Jajaja! ¿Qué tienes, miedo? ¡Llama a la Guardia Civil, hombre! ¡Llama!»). Ante a inacción do delegado de campo, son os propios colexiados quen recollen os datos de ditas persoas. A primeira delas, autora das palmadas ao colexiado, asubíus, e berros identifícase como CELESTINO ESTEBAN ANTA, non podendo recoller o número do D.N.I. porque o facilitou a viva voz e moi rápido. O outro individuo abandona a instalación antes de que os colexiados poidan apelalo.”.

- O día 25 de outubro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), presentando en prazo alegacións o interesado na que da a súa versión dos feitos, relatando que en primeiro lugar que dada a presenza do arbitro do encontro era prioridade do club evitar incidencias, que o perímetro da piscina estaba balizada antes do inicio do encontro, que si ausentouse foi por moi pouco tempo e para ir buscar auga para a mesa, que o publico ten que atravesar a zona de xogo para poder acceder e saír da zona habilitada para eles, que non ten ningunha potestad como delegado sobre alguen que no está “técnicamente” dentro de la instalación, Finaliza dicindo que “Lo sucedido al final del partido, en todo caso fue cualquier cosa menos actitud pasiva por mi parte. Inicialmente me encontraba alejado de la zona donde se encontraba el árbitro cuando este ya salía de la piscina camino de los vestuarios por lo que desconozco el desencadenante y secuencia de los hechos en un primer momento. Pero al instante me personé en la zona y medié para alejar de la zona a las personas que estaban discutiendo con el colegiado. En ese momento, D. Nicolás Alén me indica que identifique a dos personas del público a lo que uno de ellos le responde. “Ya me identifico yo solo que no tengo ningún inconveniente”. Y en ese momento mientras D. Nicolás Alén toma nota de los datos de identificación de esa persona, escribiéndolos en un papel, la otra persona se ausenta de la instalación acompañada por otras personas del público que lo alejan de la zona para rebajar la tensión”.

Denuncia a falta de puntualidade do arbitro, do que este Xuiz Unico da traslado ao Comité Tecnico de Arbitros, e por ultimo expon:

“Con todo ello, y demostradas las falsedades de las afirmaciones realizadas y la profunda y continuada animadversión de este colegio hacia nuestro club, solicitamos sean tenidas en cuenta estas alegaciones y se proceda a dejar sin efecto alguno las valoraciones realizadas en el informe complementario al anexo por el colegiado D. Nicolás Alén Guimeráns, quedando demostrada su falta de ecuanimidad en la aplicación del reglamento y que de esta forma no se produzca un agravio comparativo respecto a otros clubes que perjudique a los intereses del waterpolo gallego en general, del CW Pontevedra, y en particular, en este caso a su delegado de campo, D. José Angel Tellería Couñago, y a su técnico D. Enrique García Ordóñez”

• **CONSIDERANDO**

• "Normativa General de Waterpolo Temporada 2022-2023 Circular 22-40:

2.3 Obligación de los Clubes

El club organizador (y se entiende por club organizador el que figure en primer lugar en el encuentro), debe velar por la seguridad de los miembros del jurado, así como de los componentes del equipo contrario, etc., siendo obligatorio por su parte la presencia de un Delegado de Campo (o persona que asuma sus funciones). Durante el partido procurarán por todos los medios a su alcance, que no se produzcan incidente de ninguna clase, cortándose en la medida de sus posibilidades.

Así mismo el Delegado de Campo deberá proteger al jurado, así como a los componentes del equipo contrario, etc., y debe cuidar de que los árbitros puedan efectuar sus labores sin interferencias extrañas, atendiendo en todo a sus indicaciones. El Delegado de Campo se situará cerca de la mesa del jurado.

El Delegado de Campo cuidará reprimir los insultos, de controlar, dentro de sus posibilidades, la actitud del público. En caso de incidencias, el árbitro deberá hacer constar en el acta la actuación del Delegado de Campo.

Si la actuación del Delegado de Campo no fuese correcta, el árbitro presentará informe del mismo al Comité de Competición".

- Entendemos que a actuación do delegado de campo non é a correcta tendo en conta o relatado polos árbitros e por él mesmo. Temos que ter en conta que segundo o propio delegado manifesta, antes do encontro xa prevan posibles situacións de tensión, polo que a tarefa do delegado nestes casos debe ser mais intensa no sentido de poñer todos os medios ao seu alcance para evitar incidentes e protexer aos árbitros en todo momento, incidentes que, evidentemente, sucederon. Deste xeito, entendemos que a súa labor debeu ser mais activa e eficaz de cara a evitar interrupcións do público durante o encontro e, sobre todo, evitar na medida do posible sucesos como os acaecidos ao finalizar o encontro, xa que o informe relata unha situación de elevada tensión sufrida polos árbitros que debeu ser evitada de actuar mais dilixentemente.
- Os feitos como infracción leve do art 7 I II c) "Para o delegado de campo, o seu adxuntos e delegados de equipo, o incumprimento leve das súas funcións ou a actitude desconsiderada co xurado ou o equipo contrario".

• **RESOLVE**

- Sancionar a D. José Angel Tellería Couñago nº DNI. 76992137 N Delegado de campo do C. W. Pontevedra cat. absoluta masculina con dous encontros de suspensión nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN